

ROMÁNICO EN MONTERROSO



San Martiño de Fufín

A presenza de arco con doelas no tímpano permite datar a súa fábrica nos últimos anos do século XII, sufriu varias reconstrucións nas que perdeu parte da súa esencia románica. A tradición oral fala dunha anterior, dedicada a San Andrés, que máis tarde foi usada para refacer a igrexa parroquial anterior á románica, que ao igual que ésta, estaba dedicada a San Martiño.



Concello de Monterroso


Praza de Galicia, S/N, 27500

Monterroso, Lugo

(+34) 982 377 001

www.monterroso.es





Edificio de planta rectangular, muros case na súa totalidade de sillería de granito e cuberta de tella a dúas augas. Sufriu varias reconstrucións nas que perdeu parte da súa esencia románica. No frontis presenta porta principal sobre a que se ciñe un arco con arquivolta de baquetón, baquetilla e axadrezado. Apoiase en dúas columnas e fustes sobre os que se dispón unha imposta. A presenza de arco con dovelas no tímpano permite datar a súa fábrica nos últimos anos do S. XII. A fábrica orixinal data de finais do século XII, mais a igrexa só conserva a portada principal e un canzorro como vestixios da súa orixe románica, pois sufriu varias reconstrucións. A planta do edificio é de formato rectangular e o granito está presente en case a totalidade dos seus muros.

A tradición oral fala dunha anterior, dedicada a San Andrés, que máis tarde foi usada para refacer a igrexa parroquial altomedieval, anterior á románica, que ao igual que ésta, estaba dedicada a San Martiño. A portada románica, con arco de medio punto característico, posúe un tímpano máis baixo do habitual, producto de reconstrucións, que crean unha feitura que lembra aos arcos de ferradura. Os capiteis das columnas que flanquean a porta decóranse con motivos vexetais, no caso do esquerdo, e zoomorfos no dereito, que presenta dous animais cuadrúpedos enfrontados. No cemiterio da igrexa está soterrado o poeta de raíces monterrosinas Lorenzo Varela (1916-1978).

